

BANDO INFORMATIVO

NOVAS RESTRICCIÓNS E SUSPENSIÓN DAS ACTIVIDADES DO ENTROIDO 2021

En relación á *ORDE do 13 de xaneiro de 2021 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*, publicada no DOG núm. 7-bis do 13/01/2021, infórmase á veciñanza das novas medidas de prevención, que entrarán en vigor a partires das 00:00h do venres, 15 de xaneiro:

- O **toque de recollemento** adíase ás **22:00 h.**
- **Peche dos locais e establecementos de hostalaría e restauración ás 18:00 h.** Limítase o **aforo ó 30% no interior do local**, sen consumo en barra, e ó **50% nas terrazas**. Ocupación en mesas limitada a 4 persoas por mesa ou agrupación de mesas.
- As **xuntanzas**, tanto públicas como privadas, quedan **limitadas a 4 persoas**, salvo convivintes.
- Os **locais e establecementos comerciais** limitarán o **aforo ó 50%** da súa capacidade.

Por outra banda, en relación á **situación do COVID-19 no Concello de Viana do Bolo**, dende o Servizo Galego de Saúde vén de comunicarse que, **actualmente, non hai casos positivos no noso Concello**, se ben reitérase a necesidade de manter e extremar as medidas de protección habituais e cumprir coas novas medidas adoptadas polo Goberno da Xunta.

Finalmente, dende o Concello de Viana do Bolo infórmase que, debido á grave situación sanitaria xerada polo Covid-19, e despois de reunirse e informar os representantes das Asociacións que forman o Entroido de Viana, tomouse a difícil decisión, de **suspender todos os Actos previstos para a celebración do ENTROIDO do ano 2021**. Foi unha decisión difícil, aínda que consideramos que agora mesmo, a obrigación de calquera cargo público, é a de mostrar responsabilidade, tentando preservar a saúde e o benestar dos seus veciños.

Por tanto, o programa Oficial do Entroido de Viana do Bolo para este ano, suspenderase por completo. Pero así mesmo, **seguirase colaborando coas distintas Asociacións locais, na organización de pequenos "eventos", que serán retransmitidos a través das plataformas dixitais habituais**, e que servirán para lembrar e rememorar diariamente, os acontecementos máis representativos do noso Entroido. Asemade, infórmase que **a programación da data e a hora de difusión destes eventos, irase comunicando regularmente**, a través das distintas redes sociais.

O que se fai público para o xeral coñecemento en Viana do Bolo a 14 de xaneiro do 2021.

O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso.
Asinado dixitalmente á marxe.

Concello de Viana do Bolo

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:

